

Festas de San Bartolomeu

Noia celebra seis días de festas con música, tradición e actividades

As festas de San Bartolomeu comezan hoxe cunha programación para todos os públicos

R.S

As Festas Patronais en honra de San Bartolomeu comezan hoxe en Noia cunha programación que se prolongará ata o mércores 26 de agosto e que combina tradición, música, gastronomía e actividades deportivas. A vila ofrecerá propostas para todos os públicos ao longo dos seis días.

A xornada inaugural arrincará ás 9:00 horas co tradicional estoupido de bombas de palenque, seguido das dianas e alboradas de DJ Gaitas Blue. Ás 13:00 horas terá lugar o pregón no Palco da Música, a cargo de Noemí Fábregas, promotora do Mercadoño

Solidario de Pascua de Noia, iniciativa que conseguiu recadar máis de 22.000 euros para a investigación contra o cancro metastásico.

Durante o día tamén haberá exhibicións deportivas, o Día da Bicicleta e as semifinais do IX Torneo Portus Apostoli de fútbol sala, que reúne en Noia a O Parrulo Ferrol, Illes Balears Palma Futsal, a Selección de Indonesia e o Viaxes Amarelle.

Pola noite, a música será protagonista. A partir das 22:00 horas actuarán Claxxon e A Misela, mentres que ás 22:30 horas a Praza do Tapal acollerá o concerto de Treixadura, un dos principais reclamos da primeira xorna-



A Orquesta Mondragón durante o espectáculo no Palacio de Vistalegre.

da.

O sábado 22 combinará actividades deportivas e infantís con música en distintos espazos da vila. O IX Torneo Portus Apostoli celebrará o partido polo terceiro e cuarto posto e a gran final, mentres que pola noite actuarán Efecto Mariposa, Momboi, DJ Hot Cues, Origen e La Trinidad.

O domingo 23 a gastronomía ocu-

A Festa da Empanada, Orquesta Mondragón, Efecto Mariposa e París de Noia, entre os principais atractivos

pará un lugar destacado coa Festa da Empanada no Campo da Feira, ás 13:00 horas, acompañada pola Banda de Música de Noia e a sesión vermú con Juan do Tractor. Pola tarde haberá un espectáculo infantil de Uxía Lambona e a Banda Molona, e pola noite actuarán Orquesta Mondragón, Conductores Suicidas e Leite con Jalletas.

O luns 24, día grande das festas, manterá o carácter máis tradicional coa misa en honra a San Bartolomeu, ás 20:00 horas en San Martiño, seguida da procesión. A xornada completárase con actividades infantís e, pola noite, coa actuación de París de Noia ás 22:00 horas na Alameda, mentres Dani Barreiro & Friends ofrecerá a Noite de Humor ás 22:30 horas no Tapal.

O martes 25 estará marcado polo Festival de Danza da Escola de Danza Oitos, a beneficio de Cruz Vermella, e por unha noite dedicada á música urbana no Tapal, a partir das 22:30 horas, con Dyrkyz, Xian Pais, DJ Borja Solla e LG1D0.

As festas despediranse o mércores 26 con actividades infantís, a misa e procesión en honra a San Roque e as actuacións de Kubo e Troula na Barquiña. A Noite do Berros, con David Amor, e o espectáculo de fogos artificiais, ás 23:59 horas, poñerán o punto final á programación. ■

FÁBRICA DE MUEBLES DE COCINA Y BAÑO

www.mueblesolmedo.com 981 822 550 630 279 550 NOIA

TALLER DE ROTULOS

AGEITOS

NOIA

rotuloxageitos@gmail.com 981 821 565

Departamento Comercial 636 969 781

ROTULACIÓN LUMINOSOS

IMPRESIÓN NAVES INDUSTRIALES

LONAS VEHÍCULOS

AC

ALIMENTICIOS CAAMANO, S.L.

productos frescos y congelados

Distribución y venta de productos frescos y congelados en la provincia de A Coruña. Distribuidor de helados Nestlé, Panamar... y exclusivo de productos Anedilco.

+ 50 años

llevando productos frescos y congelados a tu casa o empresa

Polígono de Augalevada, parcelas 5-6 · Noia

981 82 04 25 | www.alimenticioscaamano.com

CLICKFER

ALQUINOIA

604 076 221

C/ Bouciñas, 12-14 · Portobravo · Lousame

NOVA PAN NOIA S.L.

EL CORAZON DE TU MESA

OBRADOR PRINCIPAL, Rúa Agriá de Cal de Carrs. 8, 15210 Noia · 981 82 39 45

TIENDA S. LAZARO República Argentina, 11, 15200 Noia · 981 82 46 88

TIENDA CARPEIRIÑA Rúa Ferreiro, 4, 15200 Noia · 981 82 25 53

TIENDA CARCASÍA Rúa Ramón Álvarez da Braña, 1, 15200 Noia · 673 84 04 86

TIENDA BOIRO Calle Robustiano Pérez del Río, 10, 15830 Boiro · 981 46 21 15

www.novapanoia.es

CONVOCATORIA

I.G.S.A.

ASESORES DE EMPRESAS

LABORAL - FISCAL - CONTABLE

AUDITORÍAS

ECONÓMICO | FINANCIERO

SUBVENCIONES Y AYUDAS OFICIALES

EN NOIA. C. Perito Basilio, 2-1ª C. · T. 981 842 130 - F. 981 824 676

EN RIBEIRA. Campo de Marte, nº 3 - 1ª - T. 981 835 621 - F. 981 874 262

Desde 1993,

más de 30 años al servicio

de nuestros clientes

Horario de oficina: lunes a viernes de 9.00 a 15.00 h

www.igsaasesores.com

Festas de San Bartolomeu

CONCELLO

Noia vai máis aló da jarana e presume dun patrimonio exclusivo

Praias, monumentos, pontes e miradoiros nunha vila mariñeira con séculos de historia



O Mirador do Monte San Lois en Noia.

Pablo Vázquez

Noia é unha vila que destaca pola súa riqueza patrimonial, natural e cultural, que ofrece múltiples atractivos para coñecer a historia e as paisaxes das Rías Baixas. Hoxe comezan as festas de San Bartolomeu, unha das principais citas do calendario festivo da vila, pero Noia é moito máis ca as súas festas. O seu patrimonio, os espazos naturais, a cultura e a gastronomía completan unha oferta que vai moito máis alá dos días de celebración.

Un dos seus grandes atractivos son as súas praias. A praia do Testal é unha das principais zonas de interese do municipio, cunha lonxitude aproximada de 1,3 quilómetros de area fina. Trátase dun espazo especialmente atractivo durante os meses de verán e conta con diferentes servizos para os visitantes, como aparcadoiro, duchas, servizo de limpeza, restaurantes, bares e servizo de socorrismo.

Outra das praias destacadas é a praia de Boa Grande, unha praia semiurbana duns 400 metros de lonxitude. Entre os servizos dispoñibles atópanse aparcadoiro, duchas, limpeza e sinalización, o que facilita o seu uso tanto por parte dos veciños como dos visitantes.

O patrimonio histórico e arquitectónico tamén ten un peso fundamental en Noia. Entre os lugares de maior interese atópase a Ponte da Traba, unha antiga ponte de orixe medieval relacionada co trazado da antiga vía romana. Este enclave constitúe ademais un excelente punto de partida para realizar un paseo pola contorna do río, seguindo o percorrido ata os Muíños de Pedrachán.

Outro dos monumentos máis importantes da vila é a Igrexa de Santa María a Nova, un dos principais referentes do patrimonio histórico de Noia. O templo destaca especialmente polo seu cemiterio histórico, que conserva unha das coleccións de lápidas máis importantes de Galicia, con máis de 500 pezas medievais e modernas. Este conxunto funerario converte a igrexa nun lugar de gran valor histórico e artístico.

Na contorna tamén destaca a Ponte Nafonso, unha das pontes máis longas de Galicia, situada sobre o río Tambre. Esta ofrece unhas excelentes

vistas da contorna e é un lugar especialmente atractivo para contemplar os atardeceres sobre o río.

Por outra banda, o monte Iroite, situado na serra do Barbanza, constitúe

un dos principais puntos panorámicos da zona. Desde as súas zonas máis elevadas pódense contemplar amplas vistas das rías de Arousa e de Muros e Noia, así como das paisaxes costeiras

e do interior. É, polo tanto, un lugar especialmente recomendable para os amantes da natureza, do sendeirismo e da fotografía.

En definitiva, Noia ofrece diferentes

posibilidades para gozar tanto da súa costa como da súa contorna interior. A combinación destes recursos fai da vila un destino atractivo durante todo o ano, máis alá do verán. ■

SAN

BARTO

LOMEU

NOIA

SAN

BARTO

LOMEU

AGOSTO

20

26

21

22

23

24

25

26